

Lembranzas de
José Manuel Moledo Rodríguez e
Luciano Costa García
Vítimas das Catalinas



Lembranzas de
José Manuel Moledo Rodríguez e
Luciano Costa García
Vítimas das Catalinas

Edita

Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral

Investigación

Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH)

Patrocina

Deputación da Coruña

A Asociación Cultural **Cultura Aberta de Carral** leva dezaioito anos traballando a prol da Cultura dos cales quince organizando as Xornadas de Recuperación da Memoria Histórica, é dicir facendo unha labor de xustiza e reparación coas xentes que defendían a liberdade, a democracia e a república.

Neste caso, en colaboración coa ARMH e con especial interese en reivindicar os sucesos de “triste memoria” acaecidos no ano 1936 no noso Concello: dezaioito persoas foron levadas a terras de Carral para seren asasinadas simplemente porque o franquismo co golpe de estado coidou que había que espallar o terror.

Foron sacados da casa, da farmacia, da fábrica ou da igrexa onde estaban bautizando a unha filla para levalas á canteira de As Catalinas para matalas, para pasealas, e deixar alí os defuntos. Eran os vecinos e veciñas os que os levaban nos carros a seren soterrados ao carón do cemiterio desa parroquia de Beira, sen sepultura.

Os familiares nunca poideron saber o acontecido pero non esqueceron nunca, como tampouco o fixeron os veciñ@s, lembrando ese espanto con arrepío.

Neste ano queremos recordalos coas XV Xornadas de Recuperación da Memoria Histórica, con esta publicación e coa inauguración do monumento na súa memoria.

Damos as grazas á Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) pola contribución a estas xornadas e polo traballo de investigación realizado, aos familiares das vítimas polas súas aportacións, a Mero e a Valdi, aos veciñ@s e ao crego da parroquia de Beira polas súas achegas e textemuñas orais, á área de Cultura da

Deputación da Coruña polo achega económica e a Concellería de Cultura do Concello de Carral pola súa colaboración.

Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro

Presidente da Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral

CARRAL TERRA DE MÁRTIRES

O 26 abril do 1846 foron asasinados o coronel Miguel Solís e once dos seus oficiais: os comandantes Víctor Velasco e os capitáns Fermín Mariné, Juan Sánchez, Manuel Ferrer, Jacinto Dabán, Francisco Márquez, José Martínez, Felipe Valero, Ramón José Llorens, Ignacio de la Infanta e Santiago Lallave xunto co sarxento Antonio Samitier.

O delito: reclamar liberdades e dereitos anulados polo goberno de Narváez. Eran liberais progresistas e próximos, moitos deles, ao republicanismo.

Foron soterrados no camposanto de Paleo, en Carral, sen nomes e sen gloria.

Contan que o párroco, horrorizado ante o fusilamento, comentou:

"Espectáculo horroroso. Triste Memoria"

Dez anos despois, un novo goberno nomearía como "beneméritos da Patria" aos doce fusilados. Máis tarde, no ano 1904, coa iniciativa da Liga galega da Coruña, ergueuse o monumento recordatorio permanente do sacrificio destes homes e da súa loita.

Este recoñecemento como mártires da liberdade quedaría identificado na historia como "Os mártires de Carral". Cada pouco tempo ríndeselles homenaxe nun acto de lembranza.

No ano 1936, noventa anos despois dos fusilamentos dos mártires

de Carral, houbo un golpe de Estado contra a República que desembocou nunha guerra cruenta. En Galicia decontado triunfaron os militares golpistas e comezou a terrible represión contra todos os que tiveran significación política, sindical ou simplemente non foran adeptos ao novo réxime instaurado.

Miles de homes e mulleres foron perseguidos, secuestrados ou asasinados. Organizada dende o poder, a represión tiña un carácter “oficial” con xuízos-farsa a republicanos en espazos oficiais, onde condeaban a republicanos a seren fusilados ou a decenas de anos de cárcere e sempre completado coa incautación dos bens.

Tamén eran organizados os secuestros e desaparicións forzadas realizados por grupos de falanxistas armados, paramilitares ou membros da garda civil.

Os secuestros tiñan como obxecto librarse das persoas non partidarias do novo réxime e ,ao tempo, sementar o terror entre as xentes. Nas estradas, nos camiños ou nos montes, aparecían todos os días decenas de cadáveres de persoas asasinadas polo novo réxime.

A poboación estaba arrepiada.

Un dos sistemas da represión era levalos fóra do lugar onde vivían, uns eran guindados ao mar, outros abandonados en lugares visibles para impór o medo, outros botábanos ao vacío en ríos e montes a varios kilómetros da súa casa para que atoparan cadáveres sen nome e sen familia.

Quedaban sós.

Pero a veciñanza deste país sempre tivo compaixón; recollíanos e levábanos a seren soterrados nos camposantos, moitas veces nun carro. Ese símbolo do arrepío: os corpos dos descoñecidos mortos no carro, era, sin embargo , o que quedaba de piedade.

Na Coruña, moitas foron as persoas apreixadas polos falanxistas e paramilitares. Carrexados en sinistros camións, transportábanos á canteira de As Catalinas, trala curva dos Catro Ventos na estrada de Carral a Santiago. Alí mesmo paseaban e asasinaban aos que chegaban vivos.

A lembranza dese arrepío quedou na memoria dos que o foron sabendo. Falában da canteira estarecidos. En numerosos lugares do Galicia ouviran que botaran alquitrán no lugar e que unha persoa que o presenciou quixera esquecer.

O axudante do xuzgado da Coruña que fora levantar acta dos asasinatos· despois de dúas veces xa no non puido aguantar aquilo e pediu ir voluntario ó fronte

Luís Ferreiro

Voltamos ao lugar e falamos coa veciñanza. Todos sabían dos fusilamentos, sabían o que ouvían polas noites, e víano cando ían apañar herba ao monte.... E quedou na memoria.

Traianos de noite. Recordo que o meu pai e a miña mai iban pró monte, era no vran. (..) Os homes que os mataron por aí viñan de noite con eles.(...)Eran falanxistas, os que tiñan unha camisa azul, se cadra ó millor mataban.. iban buscar ós que a eles lles conviñan Matábanos na canteira das Catalinas.

Todo o mundo non o sabía. Sabíanno os veciños. Porque diso a prensa non falaba.

José do Curro

Algúns veciños eran chamados para conducir os cadáveres ao cemiterio parroquial de Beira e outros para velalos e soterralos. Moitos deles foron recoller os corpos e leváronos ao cemiterio de

Beira a seren soterrados cos demais e deronlles terra como aos outros veciños.

Os veciños sabianno, porque toda a parroquia de Beira foran avisados para velar os corpos , avisaron no Canedo, nas Travesas, en Beira, Herves...

O mortos eran velados no lado da igrexa na "corte dos cabalos" e ían os veciños de dous en dous. Nun lugar onde os curas gardaban os cabalos que usaban para ir os enterros.

Os veciños e máis un enterramorto estaban ali velando e iban facendo a sepultura

José do Curro

Eran mortíños sen nome, pero as investigacións de Luís Lamela danos conta das identidades. A partir dos datos do rexistro civil de Carral e publicados no seu libro A Coruña 1936: Memoria convulsa dunha represión.

Eran dezaoitio. Foron asasinados entre o 14 de agosto e o día 3 do novembro do ano 1936.

Os asasinatos eran a cotío. Chegaban e ían matando a dous, a tres..... A poboación estaba espantada. As mortes eran na oscuridade da noite. Quizais para non verlles as caras.

Os nomes recollidos no Rexistro civil polo investigador Luís Lamela deixannos un rastro, as idades: a maioría entre vinte e trinta anos; con diversas profesións: albaneis, empregados, xornaleiros, mestres, panadeiros.....

Cinco deles casados Manuel Salgado Núñez, Luciano Costa García, Francisco Pérez Matos, Acracio Seoane Díaz, Julián Hermida Montoya e tamén un dos descoñecidos que se identifica con José Manuel Moledo Rodríguez.

Eran solteiros Francisco Méndez Fernández, Antonio Díez Mauricio, Juan Rubio Sauce, Juan Díaz Loureda e Antonio Pérez

Rodríguez e probablemente José Antonio Ramos Martínez

E catro descoñecidos.

A eles queremos render homenaxe, coa atención aos familiares, coa difusión do acontecido e coa lembranza permanente nun espazo memorial.

Porque eles tamén son mártires a quen honrar e loubar, porque a "Liberdade nunca perdeu ningunha loita"

"Espectáculo horroroso. Triste Memoria". Nunca máis

Os nomes

Manuel Salgado Núñez, de 28 anos, natural de Oleiros (A Coruña), veciño de A Coruña, albanel, da CNT, Sección de albancis do ramo da construción, casado con María Santos Varela. Faleceu o 14 de agosto de 1936 de dous tiros de pistola na parroquia de Beira ás 2 horas do mencer.

Descoñecido, sobre 28 anos. Finou na parroquia de Beira ás 2 horas do mencer o 14 de agosto de 1936 con tres feridas de arma de fogo.

Luciano Costa García, de 29 anos, veciño de Cambre, casado con Celsa Míguez Macey. Finou o 16 do agosto de 1936 por disparo de arma de fogo á unha do mencer.

Francisco Pérez Matos, de 43 anos, veciño de Cela de Cambre, casado con Mercedes Pérez Ferreño. Finou o 16 do agosto de 1936 por disparos de arma de fogo na parroquia de Beira sobre a unha do mencer.

Francisco Méndez Fernández, de 23 anos, natural de Madrid e veciño de A Coruña, empregado e solteiro. Foi morto por disparos de arma de fogo o 16 de agosto de 1936, sobre a unha do mencer. Foi soterrado na parroquia de Beira.

Antonio Díez Mauricio, de 20 anos, natural de Segovia, veciño de A Coruña, empregado e solteiro. Morreu de disparos de pistola sobre

a unha do mencer do día 16 do agosto do 1936 e soterrado no cemiterio da parroquia de Beira.

Juan Rubio Sauce, de 24 anos, natural de Madrid, veciño de A Coruña, empregado, solteiro. Faleceu por disparos de arma de fogo na parroquia de Beira o 16 de agosto de 1936 e soterrado no seu cemiterio.

Descoñecido, faleceu sobre as dúas horas do mencer na parroquia de Beira, por disparos de arma de fogo o 18 de agosto do 1936. Foi soterrado no seu cemiterio.

José Antonio Ramos Martínez, de 42 anos, natural de Ortigueira (A Coruña) e veciño de Eirís (A Coruña), xornaleiro. Finou na parroquia de Beira por disparos de arma de fogo sobre a unha do mencer do 22 do agosto de 1936 e soterrado no cemiterio da mesma parroquia.

Descoñecido, faleceu por disparos de arma de fogo á unha do mencer do 2 de setembro de 1936 na parroquia de Beira. Foi soterrado no seu cemiterio.

Juan Díaz Loureda, de 28 anos, veciño de Rutis-Culleredo, solteiro e xornaleiro. Faleceu por disparos de arma de fogo sobre as 2 horas do mencer do 3 de setembro de 1936 na parroquia de Beira, e soterrado no seu cemiterio.

Acracio Seoane Díaz, de 30 anos, veciño de A Coruña, carboeiro, da CNT, Directivo da Sección de Carboeiros e do "Sindicato de Industria Pesquera" da Coruña, casado con Luisa Caldorón Cabañas. Veciñanza: Avda Tánxer 19-2º, A Coruña (A Coruña). Faleceu por disparos de arma de fogo sobre as 2 do mencer do día 4 de setembro de 1936 e soterrado no cemiterio de dita parroquia. Morto o 05 de setembro de 1936

Descoñecido, sobre 32 anos. Finou por disparos de arma de fogo sobre as dúas do mencer do día 5 de setembro de 1936 na parroquia de Beira. Enterrárono no cemiterio da devandita parroquia.

Enrique Lage Baldomir, de 24 anos, veciño de A Coruña, barbeiro. Atopárono morto por disparos de arma na parroquia de Beira ás dúas

do mencer o día 10 de setembro de 1936. Soterrado no cemiterio da parroquia.

Antonio Pérez Rodríguez, de 34 anos, veciño de Monelos (A Coruña), solteiro, barbeiro. Faleceu de disparos de arma de fogo ás dúas do mencer do día 10 de setembro de 1936. Foi soterrado no cemiterio parroquial.

Julio Teijo Fernández, de 26 anos, natural de Betanzos (A Coruña), veciño de A Coruña, panadeiro, da CNT, do Sindicato de oficios varios de Betanzos. Finou por disparos de arma de fogo entre as 4 e as 5 horas do mencer do día 15 de setembro de 1936. Foi soterrado no cemiterio da parroquia. Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna. Aparición do cadáver en Beira-Carral.

Julián Hermida Montoya, de 29 anos, veciño de A Coruña, mestre nacional, casado con Luz Lastres López. Faleceu sobre as 2 do mencer do día 29 de setembro de 1936 e soterrado no cemiterio da mesma parroquia.

Descoñecido. Finou de disparos de arma de fogo a primeiras horas do mencer do día 3 de novembro de 1936 na parroquia do Beira e foi soterrado no cemiterio da mesma parroquia.

(José Manuel Moledo Rodríguez segundo o investigador Lamela é un dos descoñecidos)

Carmen García-Rodeja

Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH)

JOSÉ MANUEL MOLEDO RODRÍGUEZ



José Manuel Moledo, nunha das fotografías conservadas
polo seu neto Aquiles

José Manuel Moledo Rodríguez naceu o 1 de xaneiro de 1905 en Cariño, Boiro. Tiña, polo tanto, 31 anos no momento do seu asasinato en xullo de 1936.

José Manuel era fillo de Peregrina e José, os dous naturais de Cariño, Boiro. Fixo o servizo militar en 1926 e casou con Josefina Trapote Paz, natural de Corcubión, con quen tivo tres fillos: Josefina, a maior, tiña tres anos cando desapareceu o pai, Marina tiña dous, e Aquiles, o pequeno, tan só un ano.

Aínda que era natural de Cariño-Boiro, José Manuel residía na Coruña. Era nesta cidade, na actual rúa de San Andrés, 177, onde traballaba como auxiliar de farmacia e desenvolvía a súa actividade política.

Aquiles, o neto, garda gran parte da información sobre o seu avó. Foi quen se interesou por descubrir e dar a coñecer a historia.

CARNET DE IDENTIDAD		FEDERACION NACIONAL	
FEDERADO núm. 1999		DE	
		AUXILIARES DE FARMACIA	
		DE ESPAÑA	
		Don José M. Moledo Rodríguez	
Firma del Interesado		nació el 1° de Enero	
de 1905		de 1905 en Cariño (Boiro)	
provincia de La Coruña		provincia de La Coruña	
e ingresó en la Federación el 24		e ingresó en la Federación el 24	
de Enero de 1928		de Enero de 1928	
El Presidente. B. Llamas		El Secretario. J. M. Paz	

Carnet de Federado como Auxiliar de Farmacia de José Manuel Moledo Rodríguez



Segundo nos conta, a detención de José Manuel Moledo chegou nos primeiros días do golpe de estado. No mesmo mes de xullo de 1936 foi visto por derradeira vez na farmacia na que traballaba. A historia, narrada por Aquiles, a partir das lembranzas da súa avoa, é como sigue: ao pouco de entrar a traballar ese día, o xefe e propietario da farmacia, Teodoro Morgade Muñiz, avisou a Moledo de que era mellor que voltase para casa, pois un grupo de falanxistas presentáranse na botica preguntando por el, coa intención de detelo.

A pesar diso non se librou de ser secuestrado.

Desgraciadamente foi asinado e o seu corpo apareceu no lugar das canteiras e soterrado nunha fosa común no exterior da igrexa de Santa María de Beira, no concello de Carral.

O investigador Luis Lamela proporcionounos este documento orixinado despois da sublevación franquista onde informa da súa morte e aparición do cadáver.

“José Manuel Moledo Rodríguez. De 38 años en 1938, dependiente de farmacia, natural de Vilacoba y vecino que fue de esta ciudad. El citado desapareció de esta localidad en los primeros días del G.M.N., habiéndose corrido el rumor de que había aparecido muerto en las cercanías de un pueblo de esta provincia, llamado Carral, y desde este momento su esposa vistió de luto sin que tenga ningún otro dato del mismo. Por lo expuesto y al no saber con exactitud si murió o no tal individuo, se ignora igualmente si subsiste o no la reclamación.”

Podéndose concluir que José Manuel Moledo é un dos soterrados na foxa na igrexa de Santa María clasificado como “descoñecido”.

A actividade política de Moledo estaba, por unha parte, centrada no seu propio traballo: Emilio Garrido Moreira no seu libro, *UGT-Coruña: o fogar das esperanzas*, indica que no mes de febreiro de 1934 atopamos a José Moledo Rodríguez “encabezando a Comisión organizadora da Federación Rexional de Auxiliares de Farmacia de Galicia” Asimesmo, indícanos que ocupou o cargo de tesoureiro na Asociación Provincial de Auxiliares de Farmacia da Coruña.


Era tamén militante do Partido Comunista de España, co número 11245, no seu Comité Provincial da Coruña, no ano 1936. Pertencía, ademais, ao Socorro Roxo Internacional e ao Casino Republicano da Coruña.

Seguindo novamente a Luis Lamela, José Manuel Moledo figura nun documento da Policía coruñesa dos anos 1933-35 como “individuo coñecido polas súas ideas comunistas”. Noutro documento posterior á sublevación franquista, figura como dirixente comunista e é incluído como “extremista afecto ao fronte Popular, fuxido nos primeiros días do Movemento”.

A historia familiar trasmítenola Aquiles, neto de José Manuel. A súa nai e a súa tía só coñecían a historia a grandes liñas. Tampouco

Moitas veces as consecuencias son difíciles de medir por non ser materiais. A familia viviu sinalada, pois en Corcubión sufríu tamén o acoso. A viúva Josefina tiña que pechar a porta da tenda, porque a xente íalle molestar de seguido.

Podemos coñecer un pouco máis grazas á familia que nos conta que era afeccionado á fotografía. Del mesmo consérvase unha grande



Expediente sancionador contra Josefina, viúva de José Manuel Moledo

cantidade de imaxes, tomadas na cidade da Coruña e nos seus arredores e na zona de Corcubión. Consta no poder da familia unha fermosa imaxe da escala na Coruña do hidroavión alemán DO-X. Do mesmo xeito, conservan tamén varias fotos da súa viaxe por distintos puntos de Galicia tralo seu casamento.

Gustáballe tamén a música. Tocaba unha bandurria que aínda hoxe a familia conserva.

A historia de Moledo é significativa xa que nos serve para coñecer a súa traxectoria persoal e política, o seu asasinato que é un triste caso como tantos e a represión exercida despois na familia.

O acontecido a José Manuel Moledo evidencia unha vez máis o grande problema dos desaparecidos e soterrados nas foxas espalladas por toda Galicia.


Achegarnos a el axudanos a coñecer a nosa historia e coñecer mellor os horrores cometidos e nunca reparados.

Adriana Pereiro Álvarez
Investigadora da ARMH



LUCIANO COSTA GARCÍA

Luciano Costa García naceu en 1907, fillo de Juan Costa e María García. Cando era novo, a súa familia comprou unha casa en Socampo (Cambre) e alí foi vivir co seu avó, os seus pais e os seus dous irmáns.



Situación do Concellode
Cambreno mapade
Galiciae da parroquia de
Cela

Era labrador de profesión. Estaba casado con Celsa Míguez Maceira, con quen tivo catro fillos, Juan, Alfonso, María e Emilia. Celsa era natural de Pontedeume e coñeceu a Luciano cando ela vivía en Ferrol onde fora criada da familia Franco.

Cambre, a finais do s. XIX e principios do XX, era un lugar próspero e industrializado de 6.000 habitantes. As actividades agropecuarias eran a principal actividade económica, pero o 90% da terra estaba en mans duns poucos privilexiados, é por iso, que empezan naqueles anos para organizarse no municipio movementos anarquistas e republicanos que reclamaban o mellor reparto da propiedade da terra.

Luciano Costa estaba afiliado á CNT e segundo a súa neta Sonia “era un home bo que repartía a colleita”.

O 21 de marzo de 1933, fora detido xunto a Claudio Castro Vázquez e trasladado á prisión de Coruña pola Garda Civil - por supostamente colocar unha bomba, segundo relata o semanario Agora ou un petardo segundo La Voz de Galicia- no domicilio do secretario do Concello de Cambre, Esteban Buján Testa. Segundo este último medio saldouse “sen desgrazas persoais”, achacando a colocación do artefacto para “exteriorizar a protesta da veciñanza contra a repartición xeral de utilidades do concello” ou a unha protesta política. Dous días despois, o rotativo informaba de que foran liberados polo Xulgado de Instrución do Distrito da Audiencia. En 1933 participou no movemento anarquista de decembro de 1933 en Cambre.

Un ano máis tarde foi procesado xunto a José Fernández Cacheiro, José Pérez Ferreiro -compañeiro de Luciano na corporación de Cambre- e Antonio Pracer García na Sala Segunda do Criminal do Tribunal de urxencia, acusado do delito de sedición. Defendido polo letrado Cortiñas, foi condenado a catro meses e un día de arresto maior.

Un petardo en Cambre

Serían las diez de la noche de anteayer cuando hizo explosión en la puerta de la casa del secretario del Ayuntamiento de Cambre un petardo.

La detonación causó alarma entre el vecindario. Los destrozos causados son de poca consideración.

Quedaron hechos añicos los cristales de las ventanas, que cayeron sobre las camas en que unos niños dormían. Se apreciaron otros daños, pero no hubo desgracias personales.

Créese que la colocación del explosivo a la puerta del domicilio de aquel funcionario obedece a exteriorizar la protesta del vecindario contra el reparto general de utilidades del Ayuntamiento. Otros creen que obedece a una protesta política.

Como supuestos autores de la colocación del petardo fueron detenidos e ingresaron en la cárcel Luciano Costa García y Claudio Castro Vázquez, que fueron tratados a esta capital por la Guardia civil.

Por el Juzgado de instrucción del distrito de la Audiencia, fueron libertados los dos supuestos autores de la colocación de un explosivo en la puerta del domicilio del secretario de Cambre, de cuyo hecho dimos cuenta hace dos días.

Tribunal de Urgen-

c a

Ayer mañana se vieron dos causas por este Tribunal en la Sala segunda de lo Criminal, procedentes del Juzgado de instrucción del distrito del Instituto.

Una de éstas fué contra los procesados José Fernández Cacheiro, José Pérez Ferreiro, Luciano Costa García y Antonio Placer García.

El fiscal señor Gómez Naveira les acusaba del delito de sedición.

Al primero lo defendía el letrado señor Ulloa (don Antonio), y a los restantes el abogado señor Cortiñas.

La Sala dictó sentencia condenatoria de cuatro meses y un día de arresto mayor para cada uno de los procesados.

Foto arriba Extracto das noticias aparecidas na sección "Noticias Locales" da Voz de Galicia do mércores 22 de marzo de 1933 (esquerda) e 23 de marzo de 1933 que informan da detención e posterior liberación de Luciano Costa e Claudio Castro Vázquez

Foto 2. Extracto da sección de noticias locais da Voz de Galicia onde informase do xuízo ó que foi sometido Luciano Costa

En 1936, Luciano Costa foi elixido concelleiro de Cambre, como segundo síndico na corporación liderada por Manuel Riveiro Rodríguez, xunto con Manuel Veiga Barreiro Luis Fernández Cacheiro, Juan García Gómez, José Rama Eiroa, José Pérez Ferreiro

-tamén fusilado-, Luís Pérez Amil , Antonio Cañas Lens, Joaquín Torreiro Vázquez, José Santos Varela, Manuel Doldán Caridad, Emilio Boga Souto, José Rivas García e Alejandro Iglesias González

Estaba feliz, porque esperaba ser partícipe dun troco nas condicións de repartición da terra en Cambre.

Pero estala o golpe de estado de xullo de 1936, os golpistas non estaban dispostos ao troco social. Foron perseguidos e masacrados os líderes políticos, sindicais, mestres ou calquera que se significase pola súa implicación coa República.

O 16 de agosto de 1936 estaba a familia na igrexa de Santa María de Cambre no bautizo da nena Emilia -nacida un mes antes, o 7 de xullo- Luciano estaba a saír coa súa filla no colo cando acudiron uns homes uniformados a buscarlle- tal como nos conta a súa neta Sonia



Foto da fachadada Igrexade Santa María de Cambre, de ondelevaronse a LucianoCosta

Rabina- .El non quería ir, máis insistíronlle en que “sería un asunto que lles levaría pouco tempo. Aceptou acompañalos.

Nunca máis o volveron ver.

Máis adiante soubose da morte pola acta de defunción que se levantara dous días despois en Carral -a uns 13 quilómetros da Igrexa de Santa María de Cambre onde foi visto por última vez- por Antonio Barbeito Padín e Manuel Doval Otero, foi identificado como descoñecido e datouse a súa morte o mesmo día que llo levaron da igrexa, “a unhas horas”, como consecuencia de disparos de armas de fogo, debendo ser soterrado no cemiterio de Beira”. O xuíz identificaríao oficialmente como Luciano Costa o 11 de setembro de 1936, case un mes despois do asasinato.



Situación da igrexade Santa María de Cambre(Arriba),
ondeleváronse a LucianoCosta e Santa Mariña de Beira
(Abaixo) ondefoi finalmente enterrado

A muller de Luciano, Celsa Míguez, víuse obrigada a fuxir de Cambre. Trasládouse a Coruña cos seus catro fillos.

Foron vivir arrendados a casa dun garda civil e a súa familia que eran amigos, pero a convivencia non foi posible polos constantes abusos. A filla de Celsa foi acusada por ter conflitos coa filla da familia. Cando o garda civil, vestido de uniforme, foi detela, a moza defendeuse con violencia, pero foi detida e durante moito tempo obrigada a ir ao cuartelillo.



Foto de Celsa Míguez

Celsa Míguez, ante esa situación, trasladouse ao barrio de Castrillón que neses momentos era ás aforas da Coruña. Traballou e sacou adiante aos seus fillos coas faenas no porto.

Faleceu sen saber onde estaba enterrado o seu home.

A súa neta Sonia segue pensando no seu avó Luciano, en como lle falaba del a súa avoa Celsa, da súa bondade e en como lle gustaba pasear cos nenos.

Esta boa neta continúa reivindicando a memoria do seu avó.

David Lozano
Investigador da ARMH

